



Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2024/2

PLN/2024/2.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE ECATRO.

Sendo as dezanove horas e trinta minutos do trinta e un de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Excusa a súa asistencia





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz, contando coa presenza da interventora, D^a Ana Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 27.12.2023 (2023-0020) E 23.01.2024 (2024-0001). De conformidade co establecido no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Acta da sesión ordinaria realizada con data 27.12.2023.

Non formulándose observación ou reparo ningún e sometida a votación ordinaria, o Pleno prestou aprobación á mesma segundo o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

- Acta da sesión extraordinaria e urxente realizada con data 23.01.2024

Non formulándose observación ou reparo ningún e sometida a votación ordinaria, o Pleno prestou aprobación á mesma segundo o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
------------------------	-----------	------------	------------------	-----------





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención
------------------------	---------	---------	---------	------------

2º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 197/2023.- CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN PERTE AUGA. ADOPCIÓN ACORDO CONTINUIDADE TRAMITACIÓN.- Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en sesión ordinaria realizada con data 25.01.2024 no que se emite o seguinte ditame:

“2º.- EXPEDIENTE 197/2023.- CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN PERTE AUGA. ADOPCIÓN ACORDO CONTINUIDADE TRAMITACIÓN.- Elévase á consideración da Comisión proposta conxunta asinada con data 22.01.2024 polos concelleiros delegados de Obras, Servicios, Medio ambiente e TICs e Facenda e Promoción Económica (RA núm. 2023/0615, de 26 de xuño de 2023:

“En sesión extraordinaria realizada con data 05.12.2023 o Pleno deste concello adoptaba acordo no que se recollen entre outros pronunciamentos:

“...

Segundo.- Prestar aprobación a la agrupación y al convenio de colaboración para la actuación integral de digitalización y mejora de la eficiencia de los sistemas de abastecimiento, saneamiento, depuración y vertido en la agrupación de ayuntamientos : Fene-Ares-Mugarbos” y por tanto a la participación y aceptación expresa por el Ayuntamiento de Mugarbos de forma conjunta con los Ayuntamientos de Fene y Mugarbos en el procedimiento regulado por la Orden TED/919/2023, de 21 de julio (BOE núm. 183, de 02-08-2023), para la solicitud de una ayuda conforme a la Memoria técnica integral de digitalización y mejora de la eficiencia de los sistemas de abastecimiento, saneamiento, depuración y vertido en la agrupación de ayuntamientos : Fene-Ares-Mugarbos”.

...

Cuarto.- Adoptar el compromiso de que se dispondrá de los recursos tanto técnicos como financieros necesarios para garantizar el mantenimiento y operación de la actuación subvencionada tras su puesta en marcha y durante al menos los primeros cinco años de actividad tras la finalización del proyecto, así como el envío de la información sobre los





Concello de Mugardos
(A Coruña)

usos del agua que se le requiera por el Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico según lo dispuesto en el apartado d) del artículo 33.3 de la Orden.

...”.

Buscando un adecuado equilibrio entre as necesidades a satisfacer e o principio de boa administración de xeito que os compromisos que se derivan do convenio aprobado e solicitude de axuda formulada non comprometan o funcionamento ordinario do concellos agrupados para tal finalidade e outras inversións igualmente necesarias, de conformidade coa manifestación realizada en Pontedeume ante o notario Alvar Quintanilla López-Tafall, con data 28.12.2023 e núm. protocolo 3099 en función da cal de mutuo acordo:

“...

MANIFIESTAN la voluntad de continuar en dicho procedimiento si una vez resuelto el mismo, la agrupación formada a tal efecto por los ayuntamientos de Ares, Fene y Mugardos recibe al menos el 85 % del importe solicitado, asumiendo el compromiso de, a tal efecto, remitir al órgano competente de cada Corporación el correspondiente acuerdo para adoptar la decisión que corresponda.

...”.

*En exercicio das facultades delegadas por RA núm. 2023-0615, de 26 de xuño de 2023, ás concellerías de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs e Facenda e Promoción Económica elevan á consideración do Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica, elevamos á consideración do Pleno a seguinte proposta de **acordo**:*

Primeiro.- *Asumir o compromiso de dar continuidade ás actuacións e tramitación relativa ao procedemento relativo participación dos concellos de Ares, Fene e Mugardos ao amparo da Orde TED/919/2023, do 21 de xullo “pola que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano do auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; e apróbase a segunda convocatoria de*





Concello de Mugardos
(A Coruña)

subvencións (2023), se a agrupación formada a tal efecto recibe cando menos o 85% do importe solicitado.

Segundo.- *Dar traslado do acordó así adoptado aos concellos de Ares e Fene para o seu coñecemento e efectos oportunos.”*

Da inicio ao exame deste punto da orde do día a Presidenta explicando o sentio da proposta.

Non subscitándose debate ningún e sometido a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	En contra

En atención ao mesmo, a Comisión Informativa adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- *Asumir o compromiso de dar continuidade ás actuacións e tramitación relativa ao procedemento relativo participación dos concellos de Ares, Fene e Mugardos ao amparo da Orde TED/919/2023, do 21 de xullo “pola que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; e apróbase a segunda convocatoria de subvencións (2023), se a agrupación formada a tal efecto recibe cando menos o 85% do importe solicitado.*

Segundo.- *Dar traslado do acordó así adoptado aos concellos de Ares e Fene para o seu coñecemento e efectos oportunos”.*

Da inicio ao exame deste punto da orde do día o Alcalde dando conta da motivación da manifestación realizada e o sentido do acordó a adoptar.

Primeira quenda de intervencións





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Portavoz BNG	En todos os órganos colexiados nos que se levou previamente o expediente, o seu grupo posicionouse a favor pola importancia que ten a futuro pero queren resaltar en instar ao goberno municipal a que habendo reparos no informe de intervención que se contemplan actuacións para poder solventar as incidencias advertidas.
---------------------	--

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	En contra

En atención ao resultado acadado, o Pleno ao abeiro do establecido no artigo 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Asumir o compromiso de dar continuidade ás actuacións e tramitación relativa ao procedemento relativo participación dos concellos de Ares, Fene e Mugardos ao amparo da Orde TED/919/2023, do 21 de xullo “pola que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano do auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; e apróbase a segunda convocatoria de subvencións (2023), se a agrupación formada a tal efecto recibe cando menos o 85% do importe solicitado.

Segundo.- Dar traslado do acordo así adoptado aos concellos de Ares e Fene para o seu coñecemento e efectos oportunos

3º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O PROXECTO DE SENDA DP-3504.- Escrito de moción elevado á consideración da Xunta de Voceiros en sesión realizada con data 24.01.2024:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

“4.- *DAR CONTA DAS MOCIÓNS PRESENTADAS NO SEU CASO. Dáse conta da presentación no Rexistro Xeral do concello dos seguintes escritos de moción dentro do prazo marcado ROM:*

4.1º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP (núm. Rexistro de entrada 2024-E-RE-181 de 22.01.2024

Moción que tras unha exposición de motivos, eleva ao Pleno a seguinte proposta de de acordo:

“... 1. *Instar a la Diputación provincial de A Coruña a que responda a los requerimientos formales efectuados a lo largo de los últimos años.*

2. *Instar a la Diputación provincial de A Coruña a que facilite al Ayuntamiento de Mugardos la información sobre el trabajo desarrollado, así como la situación en la que se encuentra este proyecto y un cronograma sobre la futura licitación de esta obra.” A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que sexa elevada a Pleno”.*

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PP	Lembra os compromisos acadados coa Deputación de A Coruña e tras distintos requirimentos practicados dende a área de Urbanismo, non tendo resposta, considera necesario que a petición chegue vía Pleno, procedendo de seguido a dar lectura aos pronunciamentos da moción. Remata a súa intervención indicando que a exclusiva finalidade é que se proporcione información.
EU	Non se coñece o proxecto e se vai a votar en contra por que non é propio que le eleve a pleno sen pasar antes por unha comisión.
Alcalde	O proxecto o ten que elaborar a Deputación . Comprenderá dúas fases, contando parecer favorable do seu Presidente.
Portavoz PSdG-PSOE	Se a Deputación vai a facer algo considera que sería necesario que se tratase en Deputación e por conducto formal. En todo caso non se ten constancia de tales reunións. E si atopou un POS que está sen executar en A Pedreira. E ao mellor hai defectos formais na tramitación da petición. Agradecería que o trouxesen a unha Comisión Informativa. E adianta o seu voto en contra.
Alcalde	Considera unha burla que se imputen defectos formais e que vaian a votar en contra.
Portavoz BNG	Propón que a moción quede sobre a mesa para coñecer información sobre o proxecto. En caso de que non sexa así terán que votar en contra.
Alcalde	Reitera que non se pode deixar sobre a mesa por que o concello non posúe tal información e a moción responde a tal obxecto. Xa que é a entidade titular da vía.
Segunda quenda de intervencións	
Portavoz EU	Xa existiu un proxecto previo e se o contido é o mesmo, como di a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	propia moción é preciso saber cal é o sentido do propio proxecto.
Alcalde	Tan so se ten solicitado unha senda que facilite a seguridade viaria. Incidencia que debe solventar a entidade titular da vía.
EU	As formas e contexto electoral non lle parece o correcto e non a oportunidade do seu obxecto.
Portavoz PSdG-PSOE	Non se trata de facer ou non a senda se non do procedemento a seguir e obxecto do mesmo do que non teñen coñecemento. Considera máis adecuado que se puidese transmitir con motivo da inauguración de obras subvencionadas pola Deputación. Ente que financia distintas actuacións polo que estima que non ten problema ningún co concello.
Alcalde	O posible proxecto responde a unha petición da veciñanza.
Portavoz PP	Vaise retirar por un motivo xa que non queren que se interprete como electoralista e elevarase á consideración da Comisión de Urbanismo cos distintos escritos remitidos e aos que todos os concelleiros/as teñen acceso dende o rexistro. E apela á lealdade institucional en función de compromisos acadados. Lembra que a financiación do POS é para todos os concellos máis para outros concellos a Deputación sufragou dúas sendas como acontece no concello de Ares. E Mugardos non é menos que Ares.

Pechado o debate e sen máis trámite, procédese á dar paso ao seguinte punto da orde do día.

4º.-SECRETARÍA.- SECRETARÍA.- MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSdeG-PSOE PARA A REALIZACIÓN DAS CONVOCATORIAS DE COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES DO SAF DO CONCELLO E ACTUALIZACIÓN DAS LISTAS DE SUBSTITUCIÓN XA CADUCADA.- Escrito de moción elevado á consideración da Xunta de Voceiros en sesión realizada con data 24.01.2024:

“

4.2º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG E PSOE (núm. Rexistro de entrada 2024-E-RE-182 de 22.01.2024

Moción que responde ao seguinte texto:

“MOCIÓN CONXUNTA AO CONCELLO-PLENO:
PARA A REALIZACIÓN DAS CONVOCATORIAS DE COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES DO SAF DO CONCELLO E ACTUALIZACIÓN DAS LISTAS DE SUBSTITUCIÓN XA CADUCADAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O persoal empregado público que forma o cadro de persoal do SAF do Concello de Mugardos constitúe unha parte fundamental e imprescindible da xestión e da prestación de servizos municipais. A súa actividade diaria repercute de xeito importante na calidade de vida da veciñanza.

A día de hoxe, de 12 prazas municipais hai 2 dispoñibles, e as listas de substitucións de persoal do concello están caducadas e xa non están operativas.

Os procesos de selección de persoal non foron convocados para cubrir esas prazas e as baixas do persoal. Polo que actualmente desas 12 prazas so temos 7 traballando.

A contratación das prazas vacantes melloraría notablemente o servizo municipal que actualmente vai reducindo as súas horas adicadas en favor de unha empresa privada.

Dende o BNG e o PSOE de Mugardos apostamos por un servizo público municipal que cubra as prazas pendentes e teña un servizo que funcione ao 100 %.

Por todo isto, faise a seguinte proposta:

PROPOSTA DE ACORDO:

- 1. Que no prazo dun mes, o goberno municipal leve á comisión informativa a elaboración das bases para os procesos selectivos necesarios, cobertura de prazas vacantes e creación das listas de substitucións.*
- 2. Que o goberno municipal, nun prazo non superior a tres meses, comece a realización dos procesos antes mencionados.”*

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que sexa elevada a Pleno.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Da lectura ao escrito da moción.
Portavoz BNG	Moción conxunta máis espera sexa aprobada por unanimidade.
Portavoz PP	Nunha das sesións desenvolvidas no mes de outubro pola Comisión Informativa de Urbanismo trasladouse á petición dos seus membros, un calendario coa programación dos procesos de selección, do que o grupo PSOE solicitou na derradeira sesión a súa actualización. Como na última Comisión abordouse un único asunto vinculado ás áreas de rehabilitación e rexeneración urbanas, insta a que se retire a moción para que sexa comentada en Comisión e se podan consensuar as prioridades.
Alcalde	Adianta que as bases xa redactadas e pendentes de tramitación.
Segunda quenda de intervencións	
Portavoz EU	Solicita a cobertura de todas as prazas vacantes no concello e lembra que en Comisión se lles indicou que se ía a levar un informe sobre a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	taxa de reposición de efectivos.
Portavoz PSdG-PSOE	<p>A RPT ten moitos postos vacantes máis considera que o SAF ten a relevancia suficiente para presentar a moción.</p> <p>Non teñen constancia que se tena dado cumprimento ao calendario polo que o seu grupo solicitou unha actualización do mesmo.</p> <p>Estima que non se rata de aprobar unhas bases se non de xestionar un proceso e poder contar cunha listaxe de emprego.</p> <p>Pola experiencia con outras mocións previas retirar o asunto é abandonar o tema. E cita a continuación distintos exemplos nos que non teñen contestación ás peticións realizadas.</p> <p>O saldo de persoal é negativo dende que teñen asignadas funcións de goberno. Cada posto vacante é unha externalización máis que custa máis á veciñanza do concello.</p>
Portavoz BNG	<p>O cronograma do que fala o portavoz do PP contempla as listas do SAF. Pola súa banda seguen coa petición de que se eleve á Comisión unha actualización máis non ven problema en que se prosiga coa tramitación da moción. Petición que tampouco é incompatible coa taxa de reposición que estaría situada no 110%.</p>
Portavoz PP	<p>Pode ter en gala que todos os acordos adoptados polo seu goberno en materia de persoal foron elevados á Mesa de Negociación e consensuados. En canto a que non se cumpriu o cronograma, agradece o traballo do persoal de secretaría que intenta avanzar con as actuacións programadas.</p> <p>Como concelleiros a súa actuación sempre está presidida polo compromiso co concello. Incluirase o cronograma e o informe da taxa de reposición que tras providencia emitida está en fase de informe polas FHN, na seguinte convocatoria de sesión informativa.</p>
Alcalde	<p>Se hai que seguir un proceso de estabilización do emprego temporal é por que as prazas non se ofertaron en tempo e forma. E lembra ao grupo municipal PsdG-PSOE que a recadación está en mans privadas e a Deputación é unha institución tamén pública.</p>
Grupo PsdG-PSOE	<p>Respecto da declaración do portavoz PP do consenso acadado nas Mesas de Negociación, é traballo da concellería. E en canto á estabilización é un marco xeral para todo o Estado. Apela ao número de contratos que se teñen externalizados.</p> <p>E remata a súa intervención indicando que hai dúas empregadas municipais menos no SAF e instan a que se seleccione o persoal o antes posible.</p>

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	Abstención	A favor	A favor	Abstención





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

En atención ao resultado acadado, o Pleno adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Que no prazo dun mes, o goberno municipal leve á comisión informativa a elaboración das bases para os procesos selectivos necesarios, cobertura de prazas vacantes e creación das listas de substitucións.

Segundo.- Que o goberno municipal, nun prazo non superior a tres meses, comece a realización dos procesos antes mencionados.

5º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DAS SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO E MOBILIDADE. Escrito de moción elevado á consideración da Xunta de Voceiros en sesión realizada con data 24.01.2024:

“... ”

4.3º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (núm. Rexistro de entrada 2024-E-RE-185 de 22.01.2024

Moción que responde ao seguinte texto:

*“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONCELLO-PLENO:
PARA A MELLORA DAS SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO E MOBILIDADE*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As actuacións realizadas o pasado ano 2023 nos pasos de peóns para a mellora da súa visibilidade se limitou unicamente ao casco urbano.

Consideramos que os pasos de peóns son elementos críticos na seguridade da veciñanza de todo o Concello, requiren atención especial sobre todo en entornos críticos como centros escolares, centros públicos e zonas residenciais.

Consideramos, pois, a necesidade urxente de potenciar a seguridade e a mobilidade sostible en todo o Concello apostando pola convivencia entre o tráfico rodado e os dereitos da veciñanza a poder moverse con seguranza.

PROPOSTA DE ACORDO:

- 1. Instar ao goberno municipal a avaliar todos os pasos de peóns do Concello e ver e identificar as melloras da súa seguridade.*





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2. *Mellora da visibilidade e eficacia dos pasos de peóns en todo o municipio (mantemento eficiente que garante a súa visibilidade, sinalización clara, adecuación ...)*
3. *Garantir a adecuación da velocidade en zonas residenciais, de tránsito e en proximidade aos pasos de peóns, de xeito efectivo que non se poña en perigo a vida das veciñas e veciños.*
4. *Garantir nas parroquias itinerarios escolares seguros.*
5. *Realizar actividades de educación vial ou de concienciación da comunidade.”*

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que sexa elevada a Pleno.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz BNG	Quere antes de iniciar o exame deste punto da orde do día recoñecer o traballo realizado coas sinais luminosas nos pasos de peóns máis pensa que se debe dar continuidade traballos, pasando de seguido a dar lectura ao escrito da moción.
Portavoz PSdG-PSOE	A moción reflicte un tema xa solicitado previamente en comisións e podería unirse todo para poder traballar nun posible plan de mobildidade. Sinala que hai máis necesidades que as agora solicitadas, máis o seu grupo vai a votar a favor.
Portavoz PP	A razón fundamental das zonas nas que se executaron as actuacións é que se trataba dunha vía municipal (avenida de Galicia). A moción alinéase co que se está xa a traballar e van a votar a favor.
Segunda quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Quere facer un recordatorio e é que se é factible se faga unha actuación na escola de catro camiños que está moi carente de iluminación, se dote de medidas de seguridade vial con bandas reductoras de velocidade sendo en xeral unha zona donde é importante actuar.
Portavoz PP	Asume o compromiso de traballar con outras AAPP para facelo realidade.
Portavoz BNG	Comparte a inquietude do PSOE como na rúa do Cristo, agradecendo o voto a favor do resto dos grupos.

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor
------------------------	---------	---------	---------	---------

En atención ao resultado acadado, o Pleno adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Instar ao goberno municipal a avaliar todos os pasos de peóns do Concello e ver e identificar as melloras da súa seguridade.

Segundo.- Mellora da visibilidade e eficacia dos pasos de peóns en todo o municipio (mantemento eficiente que garante a súa visibilidade, sinalización clara, adecuación ...).

Terceiro.- Garantir a adecuación da velocidade en zonas residenciais, de tránsito e en proximidade aos pasos de peóns, de xeito efectivo que non se poña en perigo a vida das veciñas e veciños.

Cuarto.- Garantir nas parroquias itinerarios escolares seguros.

Quinto.- Realizar actividades de educación vial ou de concienciación da comunidade

6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES

Non se formulan.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

7º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-

A secretaria da lectura á dilixencia estendida con data 25.01.2024:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose informado pola psicóloga municipal sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal de 16.01.2024.

EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose presentado dita certificación ante a Deputación Provincial da Coruña.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación,





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Mobilidade e Réxime Interior o inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, e téndose emitido informe pola secretaria municipal de 28.09.2023 e 16.01.2024.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 2336/2023. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 03/2023. Uníronse certificacións dos acordos ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2024-0058 acordouse ordenar o pago das cotas da Comunidade de Propietarios de Castelao 1-3-5-7.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓN. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a tódolos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones.

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose acordado, pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-1254, modificar as cláusulas cuarta e sexta do acordo de agrupación das entidades Concello de Ares, Fene e Mugardos para a constitución formal dunha agrupación sen personalidade xurídica de entidades co fin de concorrer de maneira conxunta á orde da convocatoria, a cal ten sido ratificada polo Pleno da Corporación na sesión plenaria realizada en data 27.12.2023, e téndose manifestado polos Alcaldes dos concellos integrantes da agrupación, ante notario, a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

vontade de continuar en dito procedemento si unha vez resolto o mesmo a agrupación recibe ao menos o 85 % do importe solicitado, asumindo o compromiso de, a tal efecto, remitir ao órgano competente de cada Corporación o correspondente acordo para adoptar a decisión que corresponda.

SECRETARÍA.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE ESQUERDA UNIDA SOBRE O APOIO AO PROXECTO TRISKELION. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A XESTIÓN DIRECTA DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE AUGA, LIXO E REDE DE SUMIDOIROS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE LIMPEZA DE PRAIAS E PORTO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROMOCIÓN E FOMENTO DA LINGUA NO CONCELLO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”.

C) ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS	
Portavoz EU	Recuperación festival folklórico, apertura oficina de turismo e actualización do material turístico. Contratación de persoal solciitada xa na Comisión Informativa de Urbanismo e, Mobilidade, Rehabilitación e Réxime Interior; a contratación dos ervizos de redacción do proxecto e dirección de obra do cine Zárata tras a homologación do acordo con REGANOSA e a obra no cemiterio.
Portavoz PSOE	O 9 e marzo finaliza o prazo para presentar as solicitudes POS e non se sabe nada. Que se tramite coa antelación suficiente e saber qué obras se van a incluír.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>Os audios dos plenos non están chegando en condicións óptimas e non se colgan no portal. E co resumo é difícil saber de qué se está a falar. E en canto á información que se subministra do rexistro xeral de entrada e saída non se abren os datos persoais para que podan facer o seu traballo.</p> <p>Roga que eleve na seguinte xunta de portavoces as actuacións necesarias para superar tal situación.</p> <p><u>Alcalde</u></p> <p>A cuestión relativa á disociación de datos de carácter personal xa e falou e explicou na Xunta de Portavoces. Volverase a tratar máis considera que se trata dunha forma de actual máis transparente. En todo caso estima que debe elevar a súa petición á secretaría.</p> <p><u>Portavoz PP</u></p> <p>En Comisión de Urbanismo do mes de agosto trasladouse aos grupos que presentaran as súas achegas para o POS do seguinte exercizo.. Consta una petición de finais de decembro e outra de xaneiro, sen prazos xa para a confección de proxectos. E a listaxe de petición compre actuacións con importes moi elevadas. Remata a súa intervención indicado que realizárase sesión de Comisión Informativa con informes e proxectos sobre o POS 2024.</p>
<p>Portavoz BNG</p>	<p>Solicita se traslade o informe de secretaría sobre as actuacións en Beiramar.</p> <p>Na Comisión de Facendae Promoción</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>Económica elevouse unha proposta de calendario e roga que na medida do posible se faga público xa que nun ano se vai a intensificar o pago de impostos pola veciñanza e rogan que se proporcionen as maiores facilidades posibles.</p> <p>En busca dun goberno transparente que permita face a súa labor de control aos grupos da oposición, en reiteradas Comisións Informativas de Cultura solicitáronse as memorias xa facturadas no ano 2023 para poder coñecer a inicio os traballos que se preten acometer. Contestouse que cando estivesen os proxectos redactados os traladarían máis solicitan a versión inicial.</p> <p><u>Portavoz PP</u> Non están rematadas e por iso non se trasladou.</p>
PREGUNTAS	
<p>Alcalde solicita aos grupos municipais que cando trasladen preguntas ao Pleno indiquen a quen van dirixidas e se son de resposta oral ou escritas nos termos do ROM. Neste caso, respecto das presentadas en ausencia de información será o goberno o que decidirá se son de contestación escrita ou oral.</p>	
<p>Grupo PSdG-PSOE</p> <p>(2024-E-RPLN-1, 30.01.2023)</p> <p>Pregunta formulada por Marta Ruíz del Ganso</p>	<p>Dirixida á concellería de Cultura máis se se considera oportuno que responda o propio Alcalde.</p> <p>“Tras preguntar reiteradamente en las comisiones de cultura cuando se van a regularizar las cuentas de explotación del complejo acuático del Castro, finalmente nos indicaron que se iban a regularizar antes de finalizar el año 2023 trayendo todos los años pendientes de dos en dos a los plenos desde octubre hasta diciembre.</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

<p>(2024-E-RPLN-3, 30.01.2023) Pregunta formulada por José ángel Martínez Bardanca</p> <p>(2024-E-RPLN-2, 30.01.2023) Pregunta formulada por José ángel Martínez Bardanca</p>	<p>Se ha acabado el año y no se ha traído ninguna. Esto aparte del perjuicio económico que ocasiona porque tampoco se puede pasar el cobro al Ayuntamiento de Ares, ...”.</p> <p>Y punto eno que están coas reparacións e actuacións.</p> <p><u>Portavoz PP</u> Case dúas e as restantes vanse licitar de forma conxunta co estudo de viabilidade económica e prego.</p> <p>A reparación do valo está pendente de AXI e adquisicións de terreos de reunión con Ares.</p> <p>Publicación calendario de emisión de recibos para o ano 2024.</p> <p>Solicita información sobre se os grupos PP e EU teñen algún proxecto para o edificio comprado en avda de Galicia, 25 e para dotar a Mugardos dun auditorio.</p> <p><u>Portavoz PP</u> Non se ten proxecto ningún.</p>
---	--





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e cincuenta tres minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

0A5130BDDC8CD0E7F6AAF6ECC4B9E5E8D86EC3ABAC62F655801ED8DF12AC3CED

Visto e prace

O Presidente

Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria

Paula E. Ramos Díaz

